

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE CARBALLO DUN TREITO DA ESTRADA AUTONÓMICA AC-552, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Daniel Pérez López, na súa condición de alcalde do Concello de Carballo, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O Concello de Carballo e a Axencia Galega de Infraestruturas asinaron o día 15 de xaneiro de 2026 un convenio de colaboración para levar a cabo a «humanización dun treito urbano da AC-552, avenida de Fisterra». A cláusula terceira do citado convenio recolle o compromiso do Concello de Carballo de asumir a titularidade do dominio público viario do tramo da AC-552 entre os puntos quilométricos 31+900 e 32+920 .

A transferencia de titularidade de dito treito non supón a interrupción de ningún itinerario da rede autonómica de estradas, ao constituír a estrada AG-55 unha alternativa viaria que ofrece un nivel de servizo superior, polo que se cumpre co estipulado no punto 11 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, relativo aos cambios de titularidade de treitos de estradas a favor de administracións de menor ámbito territorial.

Mediante o Decreto 78/2026, do 13 de xullo, (DOG núm.139 do 27 de xullo de 2026), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Carballo do treito da estrada



AC-552 da Rede autonómica de estradas de Galicia xunto co seu dominio público viario.

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 78/2026, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Carballo do treito da estrada AC-552 da Rede autonómica de estradas de Galicia, xunto co seu dominio público viario:

Transferencia	Inicio	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Final	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Lonx. (m)	Superf. DPV (m²)
Treito da AC-552: Carballo (rúa do río Anllóns) - parque comercial A Revolta	p.q. 31+900 da AC-552	x = 524.948 y = 4.784.172	p.q. 32+970 da AC-552	x = 524.245 y = 4.783.426	1.055	8.115


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.


A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez

O alcalde do Concello de Carballo, Daniel Pérez López

ANEXO I . PLANOS







Nº **Transferencia (Estrada/Treito/Outros)** **Lonx.(m)**
1 Treito AC-552: Carballo (Rúa do río Anllóns) (Pk 31+900) - P. comercial A Revolta (Pk 32+970) 1.055

Inicio/Final da transferencia ou Pk ref.	UTM X	UTM Y
Pk 31+900 AC-552	524.948	4.784.172
Pk 32+630 AC-552	524.531	4.783.626
Pk 32+970 AC-552	524.245	4.783.426

Cambio de titularidade dun treito da AC-552 (Pks 31+900 a 32+970) conforme ao Convenio de colaboración AXI-Concello de Carballo de data 15/01/2026 para humanización dun treito urbano da AC-552 avenida de Fistera

- Puntos quilométricos da transferencia ou de referencia
- Eixo viario obxecto da transferencia ao Concello (Estrada/Treito/Outros)
- Eixo viario transferido anteriormente a Concello
- Eixo viario autonómico
- × Fito quilométrico autonómico

1:6.000

524.900

525.000

Nº	Transferencia (Estrada/Treito/Outros)	Lonx.(m)
1	Treito AC-552: Carballo (Rúa do río Anllóns) (Pk 31+900) - P. comercial A Revolta (Pk 32+970)	1.055

Inicio/Final da transferencia ou Pk ref.	UTM X	UTM Y
Pk 31+900 AC-552	524.948	4.784.172
Pk 32+630 AC-552	524.531	4.783.626
Pk 32+970 AC-552	524.245	4.783.426

4.784.200

4.784.200

Pk 31+900 AC-552

1

32

PO-552

4.784.100

4.784.100

Cambio de titularidade dun treito da AC-552 (Pks 31+900 a 32+970) conforme ao Convenio de colaboración AXI-Concello de Carballo de data 15/01/2026 para humanización dun treito urbano da AC-552 avenida de Fisterra

- Puntos quilométricos da transferencia ou de referencia
- Eixo viario obxecto da transferencia ao Concello (Estrada/Treito/Outros)
- Eixo viario transferido anteriormente a Concello
- Eixo viario autonómico
- × Fito quilométrico autonómico

1:1.000

524.900

525.000



